



Expte 97507/332

MEMORIA XUSTIFICATIVA
CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E
DESENVOLVEMENTO DOS DESPRAZAMENTOS DE ESCOLARES DO PROGRAMA
EDUCATIVO MUNICIPAL DE COÑECEMENTO DA CIDADE "VIGO EDUCA"

1. OBXECTO

O obxecto do contrato é a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos das viaxes de ida e volta dos escolares participantes no programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA", que o Concello de Vigo oferta ao longo do curso lectivo escolar, para promover o coñecemento cultural da cidade de Vigo mediante a realización e participación activa do alumnado en itinerarios e visitas didácticas á cidade de Vigo, que preferentemente estarán relacionadas coa variada oferta educativa municipal, que contribúen a aumentar o seu sentimento de pertenza e implicación coa cidade onde viven e residen. Para desenvolvelo é necesario contratar o transporte gratuíto do alumnado participante, e a coordinación da operativa de loxística organizativa cos centros de ensino e o Concello.

1.1. DIVISIÓN EN LOTES.

En aplicación do artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) **non existirá a división por lotes** por canto a xestión dos desprazamentos de escolares deste programa educativo municipal require dunha coordinación única, dunha xestión e organización integral de todos os elementos e aspectos que conforman un servizo destas características. Estímase que a división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes, dificultaría a súa xestión posto que a realización do obxecto do contrato esixe a coordinación de toda loxística para desenvolver a preparación previa e a execución das viaxes de ida e volta en autobús do alumnado participante nas diferentes visitas didácticas aos distintos centros de interese formativo e de coñecemento da cidade de Vigo, tamén cómpre dispor dunha xefatura única que coordine e dirixa o equipo de condutores asignado ao programa, ademais da organización integral da programación e cronograma de desprazamentos escolares que deberá ser consensuado cos distintos centros de ensino de Vigo de diferentes niveis educativos (infantil, primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional...), e a coordinación das tarefas de xestión administrativa inherentes ao programa (comunicación dos desprazamentos asignados para cada centro escolar, divulgación do procedemento de solicitude dos desprazamentos gratuítos de escolares, confirmación de dispoñibilidade de datas, horarios e elaboración de cronograma de execución, optimización da flota de autobuses para a correcta prestación do servizo, avaliación e índice de satisfacción dos usuarios docentes e discentes da prestación do servizo ...)

Polo tanto a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal do desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa", debe ser realizado baixo unha única coordinación, de xeito que os licitadores deberán presentar a súa oferta referida á totalidade dos servizos.

2. XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Tendo en conta o obxecto específico deste contrato, que require de medios materiais (buses autorizados para o transporte escolar) e persoal especializado (condutores) é necesario proceder a súa contratación cunha empresa cualificada, toda vez que o Concello de Vigo non conta con medios técnicos e materiais suficientes, nin con persoal con formación adecuada para prestar o citado servizo.

O Concello de Vigo non dispón de flota de autobuses coas condicións e cumprimento dos requisitos establecidos pola lexislación vixente para contar coa autorización habilitada para a prestación do transporte escolar de menores, nin condutores con capacitación e competencia específica para desenvolver a citada modalidade de transporte de viaxeiros/as menores, e polo tanto poder realizar con eficiencia profesional os desprazamentos de alumnado e profesorado participante no programa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:24	Páxina 1 de 10
97507-332	CSV: A2A454-37B3BA-4346B3-WPE77S-V1Y6Y6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97507/332

municipal de coñecemento da cidade “Vigo Educa”.

3. TIPO DE CONTRATO, PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

O contrato, polo seu obxecto, será de **servizos**, segundo o previsto no artigo 17 da LCSP.

Trátase dun contrato de servizos en función das necesidades da administración con orzamento máximo (disposición adicional 33ª da LCSP).

En consecuencia, o prezo do contrato a aboar ó contratista de conformidade co artigo 102 da LCSP, é un prezo certo que se abonará mensualmente ao contratista durante o período de execución do contrato, en función da prestación realmente executada, é dicir, abonarase en función do número final de desprazamentos de escolares efectuados cada mes no marco do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “VIGO EDUCA”.

Tendo en conta o obxecto do contrato e o seu importe propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de **procedemento aberto e de tramitación ordinaria** (artigos 156 e 116 LCSP), de xeito que calquera licitador interesado poida participar, favorecendo a maior concorrencia posible.

En base ao exposto no artigo 22 da LCSP, están suxeito a regulación harmonizada os contratos de servizos cuxo valor estimado sexa superior aos 221.000 euros para as entidades locais, polo tanto, **este contrato está suxeito a regulación harmonizada**.

4. PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA

De conformidade co establecido no artigo 29 da LCSP, o prazo de execución establécese tendo en conta a natureza da prestación, as características do financiamento e a necesidade de someter a concorrencia o mesmo.

Establécese unha duración prevista do contrato por un período de **CATRO ANOS (4), a contar dende a data da súa formalización, coa posibilidade de unha única prórroga, por un período dunha duración máxima de 8 meses, e en todo caso, ata o 30 de xuño de 2029**, mediante acordo expreso do órgano de contratación, sendo a prórroga obrigatoria para o contratista, sempre que se lle teña comunicado con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

A estimación de data de inicio da prestación do servizo por parte da empresa adxudicataria é o **01 de novembro de 2024**.

Xustificación do prazo de execución e prórroga do contrato

Tendo en conta o servizo a realizar polo adxudicatario, fíxase o prazo de execución máis axeitado, suficiente para conseguir unha realización do servizo eficaz, que ven determinado pola necesidade de darlle estabilidade ao servizo garantindo unha prestación integral do mesmo de xeito continuado, motivo polo que se considera adecuada a duración do prazo de execución así como a posibilidade de prórroga.

O transporte gratuito dos desprazamentos de escolares do programa “VIGO EDUCA”, prestarase nos termos que se recollen no PPT, con carácter xeral durante o período lectivo escolar, nun período normalmente comprendido entre a 2ª quincena do mes de setembro e o 30 de xuño, agás os festivos sinalados pola Admon educativa competente no calendario lectivo para cada curso académico (setembro – xuño).

5. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA QUE DEBERÁ ACREDITAR O LICITADOR

5.1. Solvencia económica e financeira:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:24	Páxina 2 de 10
97507-332	CSV: A2A454-37B3BA-4346B3-WPE77S-V1Y6Y6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97507/332

Considérase suficiente a que vén empregando o servizo de contratación para contratos de servizos, sen que se advirta a existencia de riscos especiais vinculados ao obxecto deste contrato. Neste suposto considérase axeitado ao favorecer a concorrência, en canto se fixa un volume de negocio esixible por debaixo do previsto con carácter xeral no art. 87 da LCSP. Neste sentido enténdese suficiente a acreditación, indistintamente, por calquera dos seguintes medios:

- Volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, **igual ou superior ao 70% da anualidade media do orzamento base de licitación.**

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no dito rexistro, e en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa.

5.2. Solvencia técnica:

En relación coa solvencia técnica considérase suficiente a previsión do art. 90.2 da LCSP, con carácter xeral en defecto de previsión expresa. En consecuencia, acreditarase cunha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao **70% da anualidade media do orzamento base de licitación do contrato.**

Considérase de especial relevancia que as empresas licitadoras contén cunha solvencia técnica axeitada para garantir o bo desenvolvemento do programa educativo. Neste sentido, é necesario precisar o criterio da experiencia do licitador en obxectos de similar natureza. Dado que, a previsión supletoria do art. 90 LCSP respecto dos tres primeiros díxitos coa CPV pode ser insuficiente para garantir a similitude material na experiencia necesaria para o desenvolvemento deste programa educativo.

Xustificación da solvencia: Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas da solvencia económica e financeira e técnica e profesional. Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose deste modo que a achega da requirida solvencia garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración, así como a calidade do servizo.

É primordial que as empresas participantes teñan experiencia acreditada na prestación de transporte de viaxeiros/as e particularmente no transporte de escolares, un colectivo sensible de especial relevancia dada a singularidade dos seus usuarios/as menores, que precisan unha atención básica na que cómpre intensificar nos desprazamentos escolares as garantías en materia de supervisión, vixilancia, control e seguridade do alumnado participante. Igualmente o desenvolvemento do transporte escolar, implica unha prestación plural de traballos básicos como a organización e desenvolvemento efectivo dos desprazamentos con escolares.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN

Distribución de puntuación

Establécense os criterios de valoración que de seguido se expresan para poder valorar a calidade das ofertas en base ao estudo pormenorizado das achegas que cada licitador faga e que mellor atendan ás



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:24	Páxina 3 de 10
97507-332	CSV: A2A454-37B3BA-4346B3-WPE77S-V1Y6Y6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97507/332

necesidades de implantación do desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “Vigo Educa”.

En atención ao obxecto deste contrato e a finalidade do programa educativo, a adxudicación do contrato realizarase empregando unha pluralidade de criterios co fin de identificar a oferta que garde unha mellor relación calidade-prezo. Considérase oportuno establecer unha fase de de avaliación de criterios mediante xuízo de valor, que teña como obxectivo identificar de entre as ofertas presentadas, aquelas que xustifiquen unha maior calidade respecto de elementos esenciais para garantir unha correcta execución dos servizos obxecto do contrato. Como se verá, os criterios propostos para o presente expediente están directamente vinculados ao obxecto, e as características e a natureza do contrato. No caso dos avaliábeis mediante fórmula son obxectivos.

Así, propónse a seguinte **distribución da puntuación (TOTAL 100 PUNTOS)**:

- A) Avaliación de criterios suxeitos a xuízo de valor = 10 puntos.
- B) Avaliación de criterios suxeitos a fórmula = 90 puntos.

6.1. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR (ata 10 puntos).

Calidade do operativo concreto proposto para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos escolares; ata un máximo de **10 puntos**.

1.- Proposta organizativa das viaxes e/ou desprazamentos escolares: Máximo 10 puntos. Neste apartado valorarase:

- Concreción da loxística organizativa e protocolos de comunicación dos vehículos coa oficina da empresa, centros educativos participantes e Concello. (3 puntos)
- Descrición concreta do plan de seguimento, control e avaliación da prestación do servizo. (2 puntos)
- Determinación precisa de protocolos de seguridade e de actuación en caso de accidente. (2 puntos)
- Dispoñibilidade de outros protocolos que compromete o licitador (1 punto)
- Proposta do reforzo da presenza institucional do Concello. (2 puntos)

Xustificación criterios de adxudicación mediante xuízo de valor: Xustifícase a elección destes criterios de adxudicación por canto todos eles proporcionan información adecuada para a selección do licitador máis capacitado dende o punto de vista técnico, así como tamén a mellor oferta en relación calidade-prezo para a Administración.

Interesa avaliar distintos criterios de relevancia, como factores importantes que permitan garantir unha óptima prestación do servizo. Son criterios que tentan fundamentar obxectivamente a calidade dos aspectos organizativos, estruturais e de funcionamento da proposta de de viaxes e/ou desprazamentos de escolares participantes no programa educativo “Vigo Educa” que presenta o licitador. Esta proposta debe ter a capacidade atender os aspectos claves para os que se realiza a contratación, e para elo concretar de xeito coherente, viable e eficiente, distintos aspectos relacionados co desenvolvemento do programa, segundo o indicado na cláusula cuarta do Prego de prescricións técnicas.

Establécense os criterios de valoración que de seguido se expresan para poder valorar a calidade das ofertas en base ao estudo pormenorizado das aportacións que cada licitador faga con respecto a aspectos relacionados coa xestión do calendario de desprazamentos, coa loxística organizativa e viabilidade das viaxes e/ou desprazamentos escolares, que mellor atendan ás necesidades de implementación dos desprazamentos escolares no marco do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “VIGO EDUCA”.

Este programa municipal, no que atinxe á necesidade de mobilidade escolar, atende a un colectivo singular e sensible e que precisa dunha especial atención para poder garantir a súa seguridade viaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:24	Páxina 4 de 10
97507-332	CSV: A2A454-37B3BA-4346B3-WPE77S-V1Y6Y6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97507/332

Nos desprazamentos de alumnado e profesorado participante, existen múltiples factores de risco asociados, polo que prestatarios e usuarios deste servizo de transporte escolar, teñen unha responsabilidade compartida en forma de imprantación de protocolos, coñecemento e cumprimento de normativa existente, actitudes prudentes, bos hábitos, comportamentos en situacións adversas, atención e sensibilización ao alumnado, resolución de conflitos e resposta dilixente diante de incidencias sobrevidas... na procura de acadar o obxectivo de axudar a conseguir unha mobilidade de tráfico sostible, segura e saudable.

6.2. CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA (ata 90 puntos).

Redución do prezo unitario da viaxe de ida e volta dos desprazamentos escolares no termo municipal de Vigo; valorarase con ata un máximo de **90 puntos**.

Para a súa valoración aplicaranse as fórmulas contempladas no apartado 6.3.1 desta Memoria.

Justificación criterios de adjudicación mediante fórmula: Os criterios propostos para o presente expediente están directamente vinculados ao obxecto, as características e a natureza do contrato, son ponderados e, en definitiva buscan avaliar propostas realizadas para mellorar a relación calidade/prezo da oferta, de acordo co criterio da oferta máis vantaxosa economicamente para a administración, entendéndose como aquela, entre as diferentes ofertas realizadas, que presenta a mellor relación entre a calidade e o prezo, tendo en conta os criterios xustificadas para o obxecto deste contrato.

Interesa avaliar o criterio primordial do prezo custe de cada desprazamento escolar como factor relevante, que permita ou posibilite aumentar a oferta municipal dun maior número de desprazamentos gratuitos para escolares participantes neste programa municipal e pertencentes aos centros educativos de Vigo dos diferentes niveis educativos sostidos con fondos públicos.

6.3. VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA.

6.3.1. Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:24	Páxina 5 de 10
97507-332	CSV: A2A454-37B3BA-4346B3-WPE77S-V1Y6Y6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97507/332

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

c) Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

Xustificación das fórmulas: Estas fórmulas resultan axeitadas para a valoración dos criterios avaliados mediante a aplicación de fórmulas, por canto resultan proporcionais e as mesmas veñen sendo utilizadas por esta Administración con continuidade e co visto e prace da Intervención Municipal.

- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

- Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.

- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao imposto pola normativa vixente. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorre en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Se continuase o empate aplicarase o resto dos criterios de desempate regulados no artigo 147 da LCSP segundo a orde que nel se establece.

7. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS

Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenarase por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:24	Páxina 6 de 10
97507-332	CSV: A2A454-37B3BA-4346B3-WPE77S-V1Y6Y6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97507/332

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

8. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, óptase neste contrato por establecer condicións especiais de execución de tipo medioambiental. Así, tratándose dun programa educativo que implica o desenvolvemento de transporte de escolares, garda relación directa co obxecto do contrato que os vehículos adscritos ao contrato contén cun baixo nivel de emisións que favoreza a protección da calidade medioambiental reducindo a emisión de gases de efecto invernadoiro.

Para elo, o distintivo ambiental que clasifica aos vehículos en función da súa eficiencia enerxética, ten como obxectivo discriminar positivamente aqueles vehículos máis respetuosos co medio ambiente e ser un instrumento eficaz ao servizo das políticas municipais, tanto restritivas do tráfico para evitar impactos negativos mediambientais de alta contaminación, como relativos á unha mobilidade segura, sostible e saudable con pautas de respecto medioambientais e aforro de combustible menos contaminante.

A empresa contratista tamén debe cumprir coa regulación ambiental, especialmente relacionada coa xestión dos residuos perigosos ou especiais xerados durante o mantemento dos vehículos (aceites lubricantes, neumáticos usados ...)

De maneira que, estas condicións especiais de execución están directamente relacionada cos servizos obxecto de contratación e resultan axeitadas coa finalidade do programa educativo, non son discriminatorias e axústanse ao Dereito da Unión Europea.

Asemade, esta condición especial de execución vén recollida no artigo 202.2 da LCSP e esíxese neste contrato co obxectivo de afondar nunha contratación medioambiental máis responsable, que incorpore nos procedementos obxectivos específicos consideración de tipo medioambiental (redución de emisións de gases efecto invernadoiro, xestión máis sostible da auga, a promoción do papel reciclado e a produción ecolóxica)

En concreto, proponse como condicións especiais de execución de carácter medioambiental:

- A utilización por parte da empresa adxudicataria na realización dos desprazamentos con escolares de vehículos con distintivo medioambiental mínimo "Etiqueta C, verde" tanto de combustible gasolina ou diesel matriculados dende o ano 2014.
- A empresa adxudicataria xestionará os residuos ordinarios xerados durante o mantemento dos vehículos (aceites lubricantes, neumáticos usados ...) da maneira que establezan as autoridades competentes na materia.

9. INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 LCSP

Non procede.

10. PRAZO DE GARANTÍA

Dadas as características da prestación do contrato e natureza dos traballos a realizar (basicamente xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares) non se considera necesario, establecer prazo de garantía.

11. SUBCONTRATACIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:24	Páxina 7 de 10
97507-332	CSV: A2A454-37B3BA-4346B3-WPE77S-V1Y6Y6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97507/332

Si procede a subcontratación con terceiros. Non se reservan tarefas críticas ao contratista principal.

12. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Non se prevén modificacións do contrato.

13. SEGURO

De acordo coa **consulta realizada co mediador de seguros (contratista do Concello)**, esixirase a subscripción das oportunas pólizas de seguros co obxecto de cubrir as obrigas derivadas do obxecto do contrato, que deberán cumprir cos seguintes requisitos:

13.1. Seguro de Responsabilidade Civil

O contratista debe subscribir un Seguro de Responsabilidade Civil con entidade aseguradora legalmente autorizada.

Deberá ter un límite de indemnización non inferior a 300.000 euros por sinistro e ano para cubrir os danos materiais e/ou persoais e perxucios consecuenciais ocasionados a terceiros.

As garantías mínimas esixidas de Responsabilidade Civil serán:

- Responsabilidade Civil Explotación, incluíndo a garantía da Responsabilidade Civil Subsidiaria no caso de que se subcontrate algún tipo de traballo ou xestión relacionada co obxecto do contrato.
- Responsabilidade Civil Patronal, cun sublímite por vítima nunca inferior a 300.000 €
- Responsabilidade Civil servizos.
- Defensa xurídica e Fianzas.

A póliza reseñada deberá prestar cobertura durante todo o período de execución do contrato e ata o remate do mesmo e polas reclamacións acontecidas durante este período de execución e que sexan reclamados tras 24 meses despois da súa finalización.

13.2. Seguro de Responsabilidade Civil Obrigatorio

O contratista debe suscribir un Seguro de Responsabilidade Civil obrigatorio e voluntario dos vehículos empregados na realización do servizo obxecto do contrato, así como calquer outro seguro de contratación obrigatoria conforme á lexislación vixente durante o período de duración do contrato.

Antes do inicio da execución do obxecto do contrato, o contratista presentará ao Concello de Vigo copia das pólizas subscritas e asinadas polas Aseguradoras para cubrir os riscos descritos, ou certificado no seu defecto, así como tamén dos correspondentes xustificantes dos recibos liquidados.

En caso de sinistro, calquera diferenza que xurda no pago das indemnizacións, xa sexa por aplicación de franquías ou outro tipo de descubertos nos seguros contratados, deberán ser soportada polo contratista.

O contratista obrígase a reparar os danos e responder por aqueles riscos que non queden garantidos nas pólizas de seguro descritas anteriormente, a fin de levar a bo termo o obxecto do contrato, conforme as obrigas e responsabilidades asumidas. A contratación das pólizas descritas non eximirá nin limitarán as obrigas e responsabilidades derivadas do obxecto do contrato.

Os xustificantes de subscripción das pólizas de seguros só se esixirá ao licitador cuxa oferta sexa determinada como a mellor relación calidade-prezo e deberán ser presentadas, en todo caso, antes do inicio da execución do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:24	Páxina 8 de 10
97507-332	CSV: A2A454-37B3BA-4346B3-WPE77S-V1Y6Y6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97507/332

14. RESPONSABLE DO CONTRATO

Establécese como responsable técnico do contrato ao Técnico do Servizo de Educación, Pedro Vázquez Iglesias.

15. LUGAR DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

A prestación dos desprazamentos escolares previstos no presente contrato desenvolveranse basicamente no propio vehículo autorizado para transporte escolar, na viaxe de ida partindo dos centros educativos participantes ata o punto da cidade onde teña lugar a visita didáctica a desenvolver, e na viaxe de volta co seu regreso dende o mesmo punto ata o centro educativo.

16. DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO

O presente contrato ten previsto o seu inicio a partir do 01 de novembro de 2024.

17. CESIÓN DE DATOS AO ADXUDICATARIO

Si. Os datos e información do alumnado participante, profesorado e centros de ensino relacionados coa xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares no marco do programa municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA", se ceden ao prestatario do servizo coa finalidade exclusiva de poder realizar unha prestación óptima do obxecto do contrato.

19. CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL

Non.

20. OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA REDACCIÓN DO PCAP

- Os licitadores comprométese a adscribir á execución do contrato os recursos humanos suficientes e medios materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos desprazamentos escolares contemplados no Prego de Prescricións Técnicas, coas cualificacións e características que no mesmo se especifican, e tendo en conta o estrito cumprimento da legalidade en materia laboral vixente. Deberá achegar con carácter previo ao inicio da prestación do servizo a documentación acreditativa dos requisitos de méritos e capacitación que deberán reunir o coordinador/a xeral do programa (un), a totalidade dos integrantes do equipo de condutores (cinco mínimo) e as características e dotación da flota de vehículos proposta para a prestación do servizo, que deberá cumprir as esixencias fixadas pola lexislación vixente en materia de transporte escolar.

- A entidade adxudicataria entregará no prazo máximo de 15 días contados a partir da finalización do programa anual de desprazamentos escolares, unha memoria final avaliativa na que se incluírá un balance final anual estadístico da actividade, a súa avaliación con indicadores cuantitativos e cualitativos das prestacións realizadas, xunto cunha enquisa de control e medición da satisfacción dos centros educativos participantes sobre a prestación da actividade.

21. DECLARACIÓN AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES

Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación con este expediente nos termos da resolución aprobada pola concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:24	Páxina 9 de 10
97507-332	CSV: A2A454-37B3BA-4346B3-WPE77S-V1Y6Y6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97507/332

plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Asemade, a concelleira delegada de Educación e a concelleira da Área de Goberno de Educación subscriben declaración de non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

Vigo, na data da súa sinatura dixital

O técnico do Servizo de Educación.- Pedro M^a Vázquez Iglesias

A xefa do Servizo de Educación.- María José Loureiro Bada

A concelleira delegada de Educación.- María Olga Alonso Suárez

A concelleira da Área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.- Elena Espinosa Mangana



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:24	Páxina 10 de 10
97507-332	CSV: A2A454-37B3BA-4346B3-WPE77S-V1Y6Y6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		